



## Teaching Guide

Identifying Data				2016/17
Subject (*)	Socioloxía da educación	Code	652G03028	
Study programme	Grao en Educación Social			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	2nd four-month period	Third	Optativa	6
Language	SpanishGalician			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites				
Department	Socioloxía e Ciencia Política da Administración			
Coordinador	Vazquez Fernandez, Xose Gabriel	E-mail	gabriel.vazquez@udc.es	
Lecturers	Vazquez Fernandez, Xose Gabriel	E-mail	gabriel.vazquez@udc.es	
Web	www.udc.gal			
General description	<p>Básicamente, trátase de concebir a educación como un sistema en sí mesmo, coas súas correspondentes partes, elementos, funcións, organización, institucionalización, etc.; e que a súa vez forma parte do sistema social en xeral. Con esta materia o que se pretende é que o alumnado acade un grao de coñecemento e tamén concienciación e interiorización do proceso conformador da educación como fenómeno sociolóxico, co seu correspondente espazo, papel e funcións nas nosas sociedades. Tamén se trata dunha formación que persegue dotar de habilidades teórico prácticas ao seu alumnado sobre un ámbito tan importante como a educación, para que a integren tanto a nivel persoal como profesional.</p>			

## Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A1	Coñecer os campos da educación social e recoñecer novos ámbitos emerxentes.
A2	Comprender os supostos e fundamentos históricos, pedagóxicos, psicolóxicos e sociolóxicos da acción socioeducativa e os seus ámbitos de actuación, valorando as súas implicacións.
A5	Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.
A13	Deseñar e levar a cabo proxectos de investigación elementais aplicables aos diferentes campos de intervención.
A14	Identificar e emitir xuízos razoados sobre problemas socioeducativos para mellorar a práctica profesional.
B1	Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información.
B2	Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.
B5	Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión.
B6	Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

## Learning outcomes

Learning outcomes	Study programme competences / results		
Coñecemento do sistema educativo dentro do sistema social	A1 A2 A5	B5	C6 C7
Coñecemento e comprensión das funcións sociais da educación.	A1 A2 A5 A14	B1	C6



Aplicación dos coñecementos manexados á realidade social nas súas diferentes manifestacións, para acadar a perspectiva da mesma desde o ámbito da educación.	A1 A2 A5 A14	B1 B2 B6	C6
Análise de contidos do sistema educativo	A1 A2 A5 A13 A14	B1 B2 B6	C6
Síntese dos coñecementos teóricos e do estudo empírico da realidade social en relación coa educación	A1 A2 A5 A14	B1 B5	C4
Avaliación do sistema educativo, así como das súas implicacións tanto a nivel social como persoal	A1 A2 A5	B1 B2 B5 B6	C4 C6 C7

Contents	
Topic	Sub-topic
Bloque 1  Concepto de Educación	1.1. Definición 1.2. Historia 1.3. Obxectivos 1.4. Terminoloxía
Bloque 2  Individuo, Sociedade e Educación	2.1. A constitución da sociedade e dos individuos 2.2. Estructura e organización da sociedade 2.3. Topoloxía do sistema educativo 2.4. A organización escolar: formal e informal 2.5. Funcións sociais da educación 2.6. Os axentes educativos: familia, institucións sociais, profesores e alumnos 2.7. Reformas e cambios educativos
Bloque 3  Socioloxía da Educación	3.1. Ámbitos 3.2. Áreas 3.3. Marco teórico 3.4. Fundamentos epistemolóxicos e metodolóxicos
Bloque 4  Teorías Sociolóxicas sobre a Educación	4.1. Saint-Simon 4.2. Auguste Comte 4.3. Karl Marx 4.4. Emile Durkheim 4.5. Max Weber 4.6. Talcott Parsons 4.7. Outras

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Guest lecture / keynote speech	A2 A1 C6	8	5	13
Directed discussion	B5 B6 C4 C7	2	6	8
Supervised projects	A2 A5 A14	2	4	6
Research (Research project)	A13 A1 B1 B2 C6	8	20	28



Collaborative learning	A13 A14 B1 B2 B6 C6	5	20	25
Workshop	A1 A5 A13 B1 B2 B6 C6	15	25	40
Workbook	B5 C4	2	10	12
Document analysis	B1	2	6	8
Oral presentation	B6	2	6	8
Personalized attention		2	0	2

(\*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Guest lecture / keynote speech	Explicación por parte do profesor dos contidos teórico/prácticos xerais, máis suliñables e necesarios para comprender a socioloxía da educación e para levar a cabo o traballo de investigación.
Directed discussion	<p>Trátase de agudizar o razoamento crítico nas materias de educación e o seu significado sociolóxico no proceso de cambio social existente na actualidade.</p> <p>Nesta parte da asignatura tamén se procura fomentar o traballo e espírito de equipo, noutras palabras, desenvolver a chamada intelixencia social; de xeito que o alumnado poda ver por sí mesmo as vantaxes de xuncir esforzos, fronte á empresa individual. Para acadar isto, así como para o conxunto da asignatura, se presenta o contido referido á parte práctica, no que tamén resulta fundamental a discusión dirixida, tanto nas clases como nas titorías.</p> <p>Polo tanto, a asistencia e participación estímense fundamentais no plantexamento da asignatura. Un dos obxectivos principais de calquera plantexamento didáctico debería conseguir a máxima implicación posible por parte do alumnado. E uns bos indicadores da mesma son, sen dúbida, a asistencia e a participación do alumnado no desenvolvemento das clases, no ensino e na aprendizaxe. Por un lado, unha asistencia non coercitiva, senón acadada a traveso de despertar o interese e, polo tanto, o seguimento voluntario da asignatura. Asimesmo, a participación tamén supón un valor a fomentar e acadar no desenvolvemento destas clases, que os alumnos participen, ben facendo preguntas, debatindo, pedindo máis información, nas titorías, etc. En definitiva, estamos a falar da importancia que ten o traballo participativo do alumnado nas clases.</p>
Supervised projects	<p>Cara ao traballo de investigación, o curso terá un calendario de entregas das sucesivas fases do mesmo: proxecto, marco teórico, parte empírica e análises.</p> <p>Estas partes teñen adicada a parte práctica da asignatura, desenvolvéndose mediante as correspondentes titorías.</p> <p>Estas partes ou traballos terán un calendario de entregas, que serán en formato arquivo, perante correo electrónico.</p>
Research (Research project)	<p>O Traballo Teórico Práctico constitúe o núcleo central da asignatura, tanto no que se refire á actividade a desenvolver polo alumnado como polo que respecta a súa avaliación.</p> <p>O alumnado escollerá libremente o seu obxectivo de estudo dentro do campo da Socioloxía da Educación, procurando ter unha orientación hacia os diagnósticos, problemas e propostas.</p> <p>O traballo pode ser individual ou colectivo, coas conseguíntes ponderacións do mesmo neste último caso.</p> <p>Establécese como forma de entrega final do mesmo mediante arquivo adxunto a través do correo electrónico.</p>
Collaborative learning	O traballo en grupo, con plantexamentos baseados no que se coñece como intelixencia social, é un dos pilares do plantexamento desta materia, co formato obradoiro que se explicita nesta guía docente. De maneira que o alumnado se responsabilice, asuma, dirixa e saque rendimentos gracias ás aportacións propias e dos demais, incluído o profesor, que é a fonte de información principal. Así, o que se busca é cambiar o concepto e a costume dunha aprendizaxe baseada na individualidade, na exclusividade, para ilo cambiando hacia a aprendizaxe inclusiva, máis rica en aportacións, perspectivas, etc. e da que pode sacar máis partido o alumnado.
Workshop	<p>O obradoiro constitúe o eixo sobre que se pretende operativizar a materia. Para elo, o plantexamento é facer da aula un lugar de traballo, tratando de reproducir ao máximo o que sería un espazo de traballo normal ou común na nosa área ou terreo.</p> <p>Para elo, o alumnado deberá asumir que ven a traballar, non simplemente a escoitar, que é un membro ou parte activa e non pasiva. Procurarase que o obradoiro supoña tanto o traballo a desenvolver como o núcleo central da avaliación. Para elo, o obxectivo principal do obradoiro é facer o traballo de investigación necesario para aprobar a materia. De aí que a asistencia, participación, interese, relacións e valoracións, así como outros aspectos a ter en conta no desenvolvemento do traballo en grupo, sexan os contidos a desenvolver e ter en conta.</p>



Workbook	Lectura, por parte do alumnado, de textos fundamentais ou relacionados coa asignatura, entre os indicados polo profesor e, no seu caso, propostos polo propio alumnado; así como aqueles outros necesarios para levar a cabo os traballos titelados e a investigación final.
Document analysis	Nese traballo, o marco teórico e recollida de información (secundaria) existente sobre o obxectivo da investigación fixado polo alumnado, co asesoramento do profesor, supón unha parte fundamental. Tanto no coñecemento dos contidos da asignatura como para a realización dos traballos e a investigación, resulta necesaria a familiarización, consulta e coñecemento das diferentes fontes de información secundaria, entre as que nesta asignatura destacan teorías, correntes, escolas, etc.
Oral presentation	Si a disposición de tempo o permite, os traballos serán presentados en clase, tanto para que o resto de compañeiros podan saber deles, como para ir practicando este tipo de facetas do traballo técnico

### Personalized attention

Methodologies	Description
Directed discussion Guest lecture / keynote speech Supervised projects Workshop Oral presentation	As clases preséntanse eminentemente prácticas, para que o alumnado desenvolva co seu traballo o contido e coñecemento da asignatura, sobre todo a traveso do traballo individual ou en equipo, coa participación nas clases sobre os temas a tratar, así como os propios traballos a realizar (o titelado, as lecturas, os debates, etc.). Todo elo baixo a supervisión o coa colaboración do profesor, que procura ser un membro máis do equipo de traballo. Polo que tanto os contidos de carácter teórico ?explicitados no temario- como as actividades a realizar na parte práctica dificilmente poderán conseguir os seus propósitos sen a estreita colaboración entre o alumnado e o profesor. Así pois, nesta asignatura dedíncase as horas de prácticas precisamente a atención e titorización dos traballos e demais asuntos do alumnado relacionados coa materia. Para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, acordarase ao inicio do curso un calendario específico de titorías compatible coa súa dedicación. Na primeira e segunda oportunidade os criterios de avaliación rexiranse dacordo a realización dunha proba mixta cun peso do 100% sobre a cualificación: consistirá nunha proba na que se incluírán cuestións teóricas e prácticas e na que o/a alumno/a terá que demostrar ter alcanzado as competencias e os resultados de aprendizaxe da materia.

### Assessment

Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Research (Research project)	A13 A1 B1 B2 C6	O alumnado, de forma individual ou colectiva, realizará o traballo/proxecto de carácter teórico práctico. Este traballo estará dirixido ou titelado polo profesor. É a proba ou contido principal da avaliación da asignatura e nel deberase reflectir os coñecementos impartidos nas sesións maxistras, das lecturas así como da investigación propia (información primaria ou parte empírica) levada a cabo sobre o tema acordado co profesor e do que se deben facer entregas periódicas das súas diferentes partes (proxecto, marco teórico, parte empírica, análise e conclusións), tal e como se recolle no apartado dos traballos titelados.	40
Directed discussion	B5 B6 C4 C7	Trátase de agudizar o razoamento crítico nesta materia e utilizar as categorías de análise plantexadas en cada sesión dedicada ós temas de discusión. Esta parte de asignatura intentará medir ou avaliar a participación, implicación e interese do alumno. O que, xunto coa asistencia correspondente, vería a supoñer aproximadamente un 20% da avaliación final.	10



Supervised projects	A2 A5 A14	De cara ao proxecto a investigación final, establécense unha serie de fases ou etapas de traballos titulados, que deberán informarse ao profesor e entregarse dacordo ao calendario establecido a este efecto. Estas fases e/ou partes son: proxecto, marco teórico, parte empírica, análise e conclusións. As entregas periódicas das diferentes fases e partes do traballo de investigación terán carácter obrigatorio e serán tidas en conta á hora de avaliar o seguimento e cumprimento de ditos prazos de entrega.	10
Workshop	A1 A5 A13 B1 B2 B6 C6	O obradoiro é para desenvolver un lugar de traballo no que o alumnado desempeñe o máis correctamente posible as súas funcións, entre as que están a asistencia, participación, aportacións válidas, resultado final, etc. Así pois, neste apartado se van a ter en conta todos esos aspectos.	30
Oral presentation	B6	Outro dos aspectos importantes na formación do alumnado é o seu desenvolvemento á hora de facer e presentar informes de carácter técnico, de aí que no plantexamento da asignatura se asuma esta faceta como entrenamento e aprendizaxe de cara á formación completa e persoal do alumnado	10

### Assessment comments

Esta asignatura está plantexada para ser cursada presencial e participativamente, xa que a súa avaliación na convocatoria ordinaria pretende ser o máis integral posible (coñecementos teóricos adquiridos, traballo práctico ou habilidade técnica, interese, actitude, etc.). De aí que a asistencia, a participación, o interese, as valoracións propias e dos compañeiros e a exposición sexan tidas en conta á hora da avaliación.

A avaliación baséase sobre todo na elaboración dun traballo teórico-práctico. Sendo a participación, o interese mostrado e a asistencia os outros pilares da asignatura.

Entenderase por avaliación suficiente para superar a asignatura na súa primeira convocatoria ordinaria obter un 50% entre as metodoloxías descritas.

Esta avaliación é específica para a primeira convocatoria ordinaria da asignatura, é dicir, aquela constituída por unha avaliación continua.

Para esta avaliación continua, será necesaria a asistencia mínima a un 80% das clases. Nos casos debidamente xustificadas de ausencias ou prácticas, esta porcentaxe mínimo será do 60%.

Para o resto de casos e convocatorias haberá unha proba escrita ou examen, no que ademais dos contidos teóricos se inclúe un sopo de carácter práctico.

O traballo participativo so será válido para a primeira convocatoria e a súa correspondente avaliación continua.

Para o resto de convocatorias que non sexan á primeira ordinaria, non se gardan puntuacións nin traballos ou probas anteriores.

### Sources of information

<b>Basic</b>	- Guerrero Serón, Antonio (2011). ENSEÑANZA Y SOCIEDAD. El conocimiento sociológico de la educación. Madrid: Siglo XXI OUTROS MANUAIS: - González Radio, Vicente (1998). EL FUTURO DE SU PRESENTE: Análisis de una Autopercepción. A Coruña: CESUGA. - Fernández Palomares F.: Sociología de la educación (Ed. Pearson) - Gómez Jaldón, C.: Sociología de la educación (Ed. Morata).
<b>Complementary</b>	ALMARCHA, A.: Cien años de la sociología de la educación en España: 1877-1977. En REIS, 2, 115-148. ALONSO HINOJAL, I., Educación y Sociedad. Las Sociologías de la Educación. CIS. 1991.



## Recommendations

### Subjects that it is recommended to have taken before

Historia da educación/652G03011  
Educación multicultural/652G03013  
Antropoloxía da educación/652G03029

### Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Teoría da educación/652G03001  
Pedagogía social/652G03006  
Avaliación e diagnóstico de necesidades socioeducativas/652G03039

### Subjects that continue the syllabus

Deseño e desenvolvemento da acción socioeducativa/652G03002  
Animación e xestión sociocultural/652G03017  
Dinámicas de comunicación e colaboración na acción socioeducativa/652G03020

### Other comments

(\*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.